

a ctividades

a)

** Reúne uns cantos obxectos naturais ou artificiais que presenten unhas características de texturas evidentes e distintas. Representa graficamente como é a textura de cada un.*

Antes de reflexar unha textura sobre o papel é importante que te fixes nas súas características. Observa se o que predominan son as manchas, os puntos ou as liñas e reflexiona sobre como se agrupan ou que dirección teñen. Cando remates o teu traballo non has de definir a forma que teñen as cousas, senón as características das súas superficies.

98



** Se frotas un lapis brando sobre un papel fino que esté cubrindo unha superficie, verás como quedan reflexados os seus detalles no papel.*

MATERIAIS

- * Cartulina
- * Lapis, tinta, rotulador, ceras, etc
- * Papel branco de seda para transparencias

** Combina diferentes tipos de grafismos para acadar varias texturas gráficas.*

Emprega para debuxar calquera material que che permita controlar o tipo de liñas, puntos ou manchas que poñas e recorda que a textura gráfica ten que ser uniforme. Fíxate ben se cada textura que fas parece á superficie dalgunha das cousas que coñeces ou é algo completamente diferente.

b)

** As texturas quedan máis persoais cando se debuxan a man alzada, é dicir, sen empregar nin escuadra nin cartabón.*

99

MATERIAIS

- * Cartulina
- * Rotulador negro de punta fina
- * Lapis